



ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE VILASANTAR PARA MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS VINCULADAS Á PRESTACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE ALUMEADO PÚBLICO

27/06/2025

REUNIDOS

Dunha parte, Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Fernando Javier Pérez Fernández, alcalde do Concello de Vilasantar, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen os artigos 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As persoas reunidas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que exercen, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto

EXPOÑEN

Primeiro. Con data 31 de xaneiro de 2025, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, asinou co concello de Vilasantar un convenio de colaboración para a mellora das infraestruturas vinculadas á prestación do servizo municipal de alumeado público.

Na cláusula décimo oitava do convenio "vixencia do convenio" establécese que o convenio entra en vigor o día da súa sinatura e estende a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

E na cláusula sexta "conta xustificativa" do dito convenio establécese como data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención, o 1 de xullo de 2025.



Segundo. O Concello de Vilasantar solicita unha ampliación do prazo para a execución dos traballos de mellora das infraestruturas vinculadas á prestación

do servizo municipal de alumeado público, de 4 meses, dende a finalización do prazo inicialmente concedido, co fin da obtención dos materiais necesarios para a correcta execución da obra, segundo a documentación técnica correspondente e en consecuencia a ampliación do prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención concedida. Por todo o anterior o prazo quedaría ampliado ata o 1 de novembro de 2025.

Terceiro. Co fin de estudar a proposta do concello, con data 25 de xuño de 2025 reuniuse a Comisión Mixta, integrada por dous representantes da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e dous representantes do Concello de Vilasantar e propuxo a formalización dunha addenda ao convenio de colaboración para a mellora das infraestruturas vinculadas á prestación do servizo municipal de alumeado público.

As partes reunidas ACORDAN:

- A modificación do prazo establecido para a execución das actuacións subvencionadas e para a presentación da documentación xustificativa, establecido na cláusula sexta, ata o día 1 de novembro de 2025.

En proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente documento na data consignada na sinatura electrónica

O conselleiro de Presidencia, Xustiza
e Deportes

Diego Calvo Pouso

O alcalde do Concello Vilasantar

Fernando Javier Pérez Fernández